

Núria Albó

O tabú ideolóxico

Un tabú é "un imperativo categórico negativo" segundo explica Roger Caillois, engadindo que un tabú nunca é unha prescrición senón unha prohibición malia que os dous conceptos implícanse un co outro. Se me prohiben comer carne, prescríbennme calquera outro alimento pero o feito de que a insistencia estea en "non farás" iso dálle a súa clara dimensión e, moitas veces, con angustia negativa.

Romper un tabú tense considerado unha falta imperdoable pola sociedade que a impuxo e pode chegar a ser castigado coa morte.

Escuso dicir que o tabú é unha das maneiras que ten o poder para continuar sendo poderoso. Existe o tabú político, naturalmente, e falaremos diso máis adiante, pero o tabú por excelencia é relixioso.

Todas as relixións impuxeron uns rituais que foron pasando de xeración en xeración e que son recibidas conxuntamente coas outras normas sociais de convivencia do grupo. Normalmente son tan interiorizadas pola maioría dos que pertencen a este grupo que provocan verdadeira angustia Cando non se poden cumprir aínda que sexa a parvada máis absurda.

Por exemplo. Eu, que fun educada na relixión do "nacionalcatolicismo" sentíame espida e exposta a todas as iras do ceo se me atrevía a entrar á igrexa sen mantilla. Máis ben non entraba ou botábame un pano de nariz máis ou menos aquelado na cabeza. A xente que me tivese mirado con agresividade se eu tivese entrado sen mantilla non puña obxección ningunha de verme rezando cun pano engurrado na cabeza.

Ou o caso recente dun islámico doente que se negaba a inxerir alimentos durante o día porque era o Ramadán, aínda que o médico advertíao do perigo que iso representaba para a súa vida.

E aquí vese claramente a forza do tabú. Un medo irracional a uns castigos imaxinados que asustan máis que o máis grande dos nosos medos: o da morte.

Esta muralla invisíbel e obsesiva pódese facer a cachos coa educación e coa audacia. Cando os meus fillos eran cativos ían a unha escola relixiosa. Para saber se os nenos dicían mentiras, facíanlles meter a man nun balde con auga e ameazábanlles con que lles ía quedar a man negra se dicían mentiras. Até que houbo un listo que descubriu e divulgou que non pasaba nada se dicían mentiras e metías a man no balde, e escarallouse o invento. Ou os que descubriron –e proclamaron– que non caía lóstrego ningún do ceo se tiñas relacións sexuais fora do matrimonio ou non ías a oír misa un domingo.

Por poñer outro exemplo de como os cregos facían uso do terror para ter o gando controlado e con arrepío, lembro que, cando eu era adolescente, no colexio relixioso onde eu estudaba o bacharelato, obrigábannos a facer cada ano exercicios espirituais. Unha vez explicáronnos o seguinte: Eran dous irmáns. O maior forte e robusto e o pequeno débil e polo tanto recibía máis atención dos pais. O maior, inducido polos celos odiaba o pequeno. Un día deu a bater nel e atormentábo e obrigábo a blasfemar. Cando o cativo, por fin obedeceu o maior matouno dicíndolle "No solo muerto sino condenado".

Lembro que miña alma crente revirouse contra aquela inxustiza do mesmo xeito que contra aquela outra que dicía que os nenos sen bautizar non poderían ir ao ceo e así un largo etcétera. Pero nun certo momento todas estas revoltas enterradas estouparon coma unha "traca valenciana", una tras outra e o tabú relixioso quedou esnaquizado .

Os exemplos poderían continuar até o infinito. Os católicos non podían comer carne os venres de coáresma pero, iso si, podían comer peixe exquisito. Os xudeus non poden axuntar carne e queixo, por exemplo nun mesmo prato ou, como os musulmáns non poden comer touciño. Por que? Seguramente estas prescricións empezaron normas de saúde pero despois convertéronse en preceptos relixiosos, cantos máis mellor, para ter a xente controlada e con

temor.

Semellante ao tabú relixioso é o tabú político. O exemplo máis flagrante son as ditaduras pero as democracias non son alleas á coacción. Só hai que pensar no famoso macartismo que converteu tantos americanos, presuntos demócratas, en delatores dos seus compañeiros ou en parias dunha sociedade que os considerou antiamericanos. Esta política máis ou menos explícita segue viva nos Estados Unidos e tamén en moitas outras democracias. Aquí por exemplo, temos un rei que non pode ser xulgado, ou éramos antiespañóis todos os que non estabamos de acordo co goberno Aznar. Tamén durante o longo goberno do presidente Pujol eran chamados anticataláns todos os que non comulgaban coa súa visión de Cataluña.

O malo destas propagandas é que non só os indutores convencen a una gran maioría de persoas, senón que moitas das propias vítimas chegan a crer que son culpables, de xeito algo semellante ao que pasa con moitas mulleres ou cativos que son maltratados.

A liberdade de expresión é unha utopía. Todos os gobernos, mesmo os socialistas, coaccionaban aos xornais para que determinadas novas sexan silenciadas. O poder é implacábel e quere perpetuarse. Todos os poderes: relixiosos, políticos, económicos, artísticos ou do tipo que sexan. E normalmente conseguen a súa finalidade porque unha gran parte das poboacións sente que está máis segura baixo unhas normas, por incomfortables que sexan, que no sen muletas dunhas leis que lles indiquen en cada situación que é o que teñen que facer. Cómpre engadir que os estados do benestar no mundo occidental teñen creado unhas xeracións de persoas que queren fuxir de toda responsabilidade e que esperan non ter ningún problema, ou se o teñen, poida resolverlo sempre alguén.

E nós, os literatos ou críticos literarios non estamos tampouco libres de tabús. Só precisamos que algunha figura nos imponha un criterio para que a maioría se adhira aínda que non estea de acordo. Lembro o caso dunha antoloxía de poetas cataláns onde toda a poesía tiña que ser de xeito social e houbo que facer filigranas para non deixar fóra grandes poetas como Carles Riba que non tiñan nada que ver coa poesía social.

Sempre hai alguén que rompe cos tabús pero as veces é para impoñer outros. No noso caso, o dos escritores ou críticos, hai libros que acadan unha fama inmerecida porque ninguén se atreve a dicir claramente que non a merece ou, se pola contra se atreve, recibe a repulsa dos "entendidos". Todos podemos lembrar casos de personaxes que conseguen copar os xurados dos premios literarios para darse os galardóns uns a outros nun círculo pechado onde é practicamente imposíbel introducir ninguén. Ou o caso dun dos libros máis universais da literatura catalá do século vinte "A praza do diamante" de Mercè Rodoreda que non lle pareceu digna de premio ao xurado correspondente.

As veces, non sempre, a posteridade corrixe os erros. O gran Goethe foi absolutamente inxusto cando Schubert era mozo. Schubert puxo música a algúns poemas de Goethe, envioulle o resultado esperando a aprobación pero o poeta nin se dignou contestarlle.

Agora moitos destes poemas son máis coñecidos coma obras de Schubert que non de Goethe como a "Rosa de Silveira" ou "Margaritiña fiando".

Pola contra os músicos que Goethe prefería son practicamente descoñecidos. Quen oíu falar de Reichardt ou de Karl Loewe, por exemplo?

Mesmo o mundo do fútbol está cheo de tabús. Os cataláns temos que ser do Barça e podemos asubiarlle. No campo se xoga mal pero ben pouca xente atrévese a criticar que os xogadores gañen unha cantidade escandalosa de cartos ou que ninguén dos estranxeiros da plantilla se teña molestado en aprender catalán.

Cando hai que nomear algún tabú a xente ten que buscar un eufemismo. Desde as funcións naturais do corpo até o nome de Deus ten sido preciso atopar unha reviravolta para indicar sen dicir a palabra prohibida. Non é preciso mirar atrás para poñer exemplos. A famosa frase de "daños colaterais" é viva demais para indicar que houbo matanza de inocentes durante un ataque. Os exemplos serían interminables.

Un dos tabús modernos máis enraizados é a morte. Non queremos falar dela e usamos todo tipo de eufemismos para nomeala. Un destes é dicir que unha persoa "marchou" cousa que máis dunha vez ten provocado que o interlocutor distraído pregunte "Onde?" Nós non chegamos aos extremos dos americanos de embalsamar e maquillar os mortos, de xeito que semellen vivos pero tamén dicimos que aquel marchou ou que nos deixou ou calquera destas frases feitas que disimulan a cruel realidade.

En resumo. Os tabús són fruto do medo, xa sexa o natural que todos podemos sentir nas desgracias ou á morte, ou sexa o medo artificial imposto polos poderosos á gran masa da Humanidade para tela con arrepió e, polo tanto, controlada.

Contra o medo natural só hai o remedio dunha mente filosófica ou relixiosa ou con pequenos sortilexios como o de dicir tocamos madeira para escorrentar os maleficios.

Contra o medo artificial, a Humanidade estivo de sorte porque sempre houbo pequenos grupos rebeldes que dixeron "eppur si muove". As veces pagaron esta rebelión coa morte pero fixeron posíbel que millóns de persoas se sentiran algo máis ceibes.

Só cómpre desear que estes pequenos grupos de rebeldes non desaparezan.